

MEMORIA DA ADDENDA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ASÍ COMO DOS DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCÍONS E A CONTRATACIÓN COA ADMINISTRACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia, DECLARA:

Que a Axencia Tributaria de Galicia ten previsto formalizar a addenda ao convenio de colaboración asinado o 30 de setembro de 2020 coa FEGAMP para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa administración.

Que o instrumento convencional asinado no marco do disposto nos artigos 3.2, 34.1 g) e 95.1 k) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, require da súa modificación dado que nestes intres é factible a obtención dos certificados de estar ao corrente de pago coa Xunta de Galicia e os certificados de ter presentado declaración do Imposto sobre o Patrimonio para a concesión de axudas e subvencións públicas e a contratación coas Administracións públicas a través do servizo electrónico centralizado na plataforma de intermediación Pasaxe! da Xunta de Galicia o que dotará dunha maior axilidade a tramitación das solicitudes que se tramiten ao abeiro do convenio.

Ademais, engádese a posibilidade de resolución do convenio por denuncia expresa de calquera das partes con tres meses de preaviso e se engade que os asinantes da addenda prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e mailo resto





das especificacións contidas na mesma, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, as funcións que viña prestando o Cixtec no marco deste convenio pasan a ser realizadas pola Amtega, como consecuencia da integración do Cixtec na Amtega de acordo co disposto no Decreto 9/2021, de 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, de 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e se aproban os seus estatutos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do art. 6 do mesmo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende.

Documento asinado dixitalmente á marxe
A Directora da Axencia Tributaria de Galicia
M^a Victoria González Vázquez

